

ROSALIA DE CASTRO

VIDA

María Rosalía Rita de Castro naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro do 1837. Parte da súa infancia pasouna coa súa nai en Padrón, indo ós 13 anos para Santiago de Compostela. En 1856 vaise para Madrid, para adicarse a escribir. Alí casa con Manuel Murguía, xornalista e gran galeguista.



Durante anos alterna a residencia entre Madrid e Galicia, onde xa quedará definitivamente a partires de 1871. Os derradeiros anos da súa vida pásaos en Padrón, na que hoxe é a Casa Museo de Rosalía. Pouco antes da súa morte, enferma de cancro, pasa unha curta tempada na Ría de Arousa (Carril), pois quería ve-lo mar antes de morrer. Con 48 anos (ano 1885), Rosalía morre en Padrón.

Na actualidade, os seu restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval (Santiago).

OBRA

Rosalía cultivou distintos xéneros literarios: novela, cadro de costumes, conto, reportaxe, poesía... Pero é aquí, na poesía, onde máis destacou, converténdose nunha poetisa universal.

Rosalía escribiu tanto en galego como en castelán. En galego escribiu os libros de poemas Cantares gallegos (1863) e Follas novas (1880).


En castelán e en verso, La flor (1857), A mi madre (1863) e En las orillas del Sar (1884). En prosa escribiu, entre outras, as obras Flavio (1861), El caballero de las botas azules (1867), La hija del mar (1859), El primer loco (1881), Costumbres gallegas (1881) Padrón y las inundaciones (1881) e Ruinas (1866).

No centenario da publicación de Cantares Gallegos (1963), a Real Academia Galega consagrou o 17 de Maio á celebración do Día das Letras Galegas, que lle foron adicadas a Rosalía na súa primeira edición. Elexiuse esta data porque era a que figuraba na adicatoria feita por Rosalía.

CANTARES GALLEGOS

En maio de **1863 imprímese en Vigo Cantares Gallegos**, libro fundamental do Rexurdimento da lingua galega. Neste libro Rosalía nomea "cantares" populares galegos, que eran recollidos e estudados polo seu home, o insigne galeguista Manuel Murguía. Tamén fai referencia a ditos e refráns.

É o seu primeiro libro en lingua galega, e tamén o primeiro en galego da literatura moderna. Rosalía realiza a fazaña de escribir nunha lingua na que non se escribía dende facía centos de anos. A súa voz érguese contra agravios e prexuízos seculares, e faino en lingua galega.



O primeiro poema vai a xeito de introdución poética. Os cantares pódense clasificar en monólogos, diálogos, poemas de costumes, humor, sátira, sociais, patrióticos... Estes últimos son os máis importantes. Están inspirados na emigración ou no menosprezo por todo o que teña que ver co galego.

- **Adiós, ríos; adiós, fontes** é o adeus do emigrante que marcha.
- **Airiños, airiños, aires** reflexa o desexo dunha muller de voltar a Galicia.
- **Castellanos de Castilla**, sentimento de maltrato aos galegos.
- **Campanas de Bastabales** e Como chove miudiño son poemas autobiográficos.

Trátase, polo tanto, dun libro reivindicativo, escrito para que Galicia se encontre a si mesma, e para que os galegos rompamos cos vellos e estranos complexos.

FOLLAS NOVAS

Este libro é publicado no ano **1880**. Rosalía sábese moi diferente das demais poetisas e xa o indica no primeiro poema.

"Daquelas que cantan ás pombas e as frores,
todos din que teñen alma de muller.
Pois eu, que n'as canto, Virxe da Paloma,
¡ai!, ¿de que a terei?"

Os poemas foron escritos "**no deserto de Castilla**". Como ela mesma indica no prólogo, parte son poemas intimistas e a outra parte son poemas de temática social. Tamén hai poemas costumistas (A pombiña que está xorda) ou relixiosos (Na catedral).


No libro quinto (e último) desta obra, "**As viudas dos vivos e as viudas dos mortos**" trata Rosalía o tema da emigración, pero dende o orixinal punto de vista da ferida psicolóxica que deixa no espírito da muller, que queda en Galicia.

No poema "**A xusticia pola man**" fai unha poetización da súa traxectoria biográfica nunha sociedade hostil.

Rosalía non volve a escribir en galego, pese á insistencia de Manuel Murguía, home seu, como xa apuntaba no prólogo...

"...porque pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra, difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna."

"Tecín soa a miña tea,
sembrei soa o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar."



ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES (versión orixinal)

Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista d'os meus ollos,
non sei cándoo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiñas d'o meu contento.

Muiño d'os castañares,
noites craras d'o luar,
campaniñas timbradoiras
d'a igrexiña d'o lugar.

Amoriñas d'as silveiras
que eu lle daba ô meu amor,
camiñiños antr'o millo,
¡adiós para sempr'adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!

¡Deixo a casa onde nascín,
deixo a aldea que conoço,
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,
deixo a veiga pol-o mar;
deixo, en fin, canto ben quero...

¡quén puidera non deixar!

Adiós, adiós, que me vou,
herbiñas d'o camposanto,
donde meu pai se enterrou,
herbiñas que biquei tanto,
terriña que nos criou.

Xa s'oyen lonxe, moi lonxe,
as campanas d'o pomar;
para min, ¡ai!, coitadiño,
nunca máis han de tocar.

Xa s'oyen lonxe, máis lonxe...

Cada balad' é un delor;
voume soyo, sin arrimo...

miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!
¡Adiós tamén, queridiña...

Adiós por sempre quizáis!...
Dígoche este adiós chorando
desd'a veiriña d'o mar.

Non m'olvides, queridiña,
si morro de soidás...
tantas légoas mar adentro...

¡Miña casiña!, ¡meu lar!

CAMPANAS DE BASTABALES

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades
e das entrañas me doio.

Dóime de dór ferida,
que antes tiña vida enteira
e hoxe teño media vida.

Só media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.